

Disposición transitoria única.

Excepcionalmente para o exercicio 2007, incrementarase o importe da cota provisional no importe que corresponda á parte do ano en que os efectivos da 20.^a promoción da Policía autónoma permaneceron en período de formación, por aplicación dos acordos adoptados pola Comisión Mixta do Concerto Económico nesta materia.

Disposición derradeira primeira.

Excepcionalmente, se transcorrido o prazo de vixencia desta lei non se promulgase unha nova Lei reguladora da metodoloxía de sinalamento da cota para os exercicios seguintes, a metodoloxía recollida nesta lei será de aplicación en todos os seus termos para o sinalamento provi-

sional das cotas líquidas e das compensacións a que se refiren o artigo 6.dous e a disposición adicional primeira desta metodoloxía e a disposición transitoria cuarta do concerto económico no exercicio 2012 e seguintes.

As cotas e compensacións así determinados serán substituídas polas que resulten procedentes de aplicar a lei que as regule citada no parágrafo anterior, unha vez que esta sexa aprobada.

Disposición derradeira segunda.

O disposto nesta metodoloxía enténdese, sen prexuízo da normativa contida nas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras do concerto económico co País Vasco, que permanecen vixentes na medida en que sexan de aplicación nos seus propios termos.

ANEXO 1

Cota provisional da Comunidade Autónoma do País Vasco para o ano base 2007

	Miles de euros	Miles de euros
Orzamento do Estado. Gastos	—	188.417.352,98
Cargas asumidas pola Comunidade Autónoma (1)	—	102.664.732,79
Total cargas non asumidas	—	85.752.620,19
Imputación do índice ás cargas non asumidas	—	—
6,24 por cento sobre 85.752.620,63	—	5.350.963,50
Compensacións e axustes a deducir	—	-3.702.794,41
Por tributos non concertados (3.942.605,41 ao 6,24 por cento) ..	-246.018,58	—
Por outros ingresos non tributarios (7.589.293,77 ao 6,24 por cento) .	-473.571,93	—
Por déficit orzamentario (40.872.263,17 ao 6,24 por cento)	-2.550.429,22	—
Por impostos directos concertados	-432.774,68	—
Cota líquida	—	1.648.169,09
Compensacións artigo 6.dous da Lei de cota	—	-82.088,07
Disposición transitoria única Lei de cota	—	2.980,31
Compensacións Álava	—	-3.823,80
Líquido a pagar	—	1.565.237,53

(1) Neste importe está integrada como carga asumida unha valoración a nivel estatal de Policía autónoma de 10.189.126 miles de euros. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional terceira da metodoloxía de cota 2007-2011.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18580 *REAL DECRETO 1314/2007, do 5 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina. («BOE» 257, do 26-10-2007.)*

O Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina, incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 92/119/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1992, pola que se establecen medidas comunitarias xerais para a loita contra determinadas

enfermidades de animais e medidas específicas respecto á enfermidade vesicular porcina.

Mediante a Directiva 2007/10/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2007, pola que se modifica o anexo II da Directiva 92/119/CEE do Consello no que atinxe ás medidas que se deben tomar nunha zona de protección cando se produce un abrocho de enfermidade vesicular porcina, establecéronse novas previsións respecto do destino dos produtos resultantes do tratamento, de animais de explotacións situadas na zona de protección, cando a situación sanitaria con respecto á enfermidade vesicular porcina o permita e sempre que se faga de maneira que non afecte o nivel de protección fronte á enfermidade vesicular porcina no comercio intracomunitario ou internacional.

Mediante este real decreto incorpórase a Directiva 2007/10/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2007, a través da modificación do anexo II do Real decreto 650/1994, do 15 de abril, ao mesmo tempo que se modifica este para incluír o réxime sancionador aplicable, e a facultade de modificación dos seus anexos mediante orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos intereses dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e de acordo coa competencia prevista no artigo 149.1.16.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, salvo as prohibicións relativas ao comercio internacional previstas no número 3 do artigo único, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2007,

DISPÓN O :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina.*

O Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina, queda modificado como segue:

Un. Engádese un novo artigo 23, co seguinte contido:

«Artigo 23. *Réxime sancionador.*

No caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que puidesen concorrer.»

Dous. A disposición derradeira primeira substitúese pola seguinte:

«Disposición derradeira primeira. Facultade de modificación.

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos anexos deste real decreto, para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria.»

Tres. O número 5 do anexo II substitúese polo seguinte:

«5. Zona de protección.

1. As dimensións da zona de protección serán as definidas no artigo 10 deste real decreto.

2. Non obstante o disposto no artigo 11, no caso da enfermidade vesicular porcina, as medidas establecidas no devandito artigo substituiranse polas seguintes:

a) Procederá a identificar todas as explotacións que alberguen animais das especies sensibles dentro da zona.

b) Procederá a visitar periodicamente as explotacións que alberguen animais das especies sensibles e a examinar clinicamente os devanditos animais, incluída, se é o caso, a toma de mostras para os efectos de exame de laboratorio, entendéndose que se levará un rexistro das visitas e observacións efectuadas; a frecuencia destas visitas será proporcional á gravidade da epizootia nas explotacións que presenten maiores riscos.

c) Prohibirá a circulación e transporte dos animais das especies sensibles nas vías públicas ou privadas, con exclusión dos camiños que conduzan ás explotacións. Non obstante, a autoridade competente poderá autorizar o tránsito de animais por estrada ou ferrocarril sen descarga nin parada.

d) Non obstante, a Comisión Europea poderá conceder unha excepción no caso dos porcos de sacrificio que procedan de fóra da zona de protección e se dirixan a un matadoiro situado nesa zona.

e) Os camións e demais vehículos e equipamentos utilizados, dentro da zona de protección, para o transporte de porcos ou doutros animais ou materias que poden ser contaminados, en particular, pensos, esterco ou xurros non poderán abandonar unha explotación situada dentro da zona de protección, a zona de protección, ou un matadoiro, sen ser limpados e desinfectados de conformidade cos procedementos establecidos pola autoridade competente. Os devanditos procedementos determinarán, en particular, que ningún camiión ou vehículo que servise para o transporte de porcos poida abandonar a zona sen ser inspeccionado pola autoridade competente.

f) Os porcos non poderán abandonar a explotación que os albergue no transcurso dos vinte e un días seguintes á conclusión das operacións preliminares de limpeza e desinfección da explotación infectada, establecidas no artigo 16; vinte e un días despois poderase conceder a autorización de que os porcos abandonen a devandita explotación para seren conducidos:

1.º Directamente a un matadoiro designado pola autoridade competente, preferentemente dentro da zona de protección ou de vixilancia, sempre que: todos os porcos presentes na explotación fosen inspeccionados, os porcos que se vaian transportar para o sacrificio fosen sometidos a un exame clínico, se provea cada porco dunha marca auricular ou se identificase con calquera outro medio autorizado, o transporte se efectúe en vehículos selados pola autoridade competente. Informarase a autoridade competente responsable do matadoiro da intención de lle enviar porcos.

No momento da chegada ao matadoiro, os porcos albergaranse e sacrificaranse á parte dos demais porcos. Limparanse e desinfectaranse os vehículos e equipamentos que servisen para o transporte dos porcos antes de abandonar o matadoiro.

Durante as inspeccións ante e post mortem efectuadas no matadoiro designado, a autoridade competente terá en conta os posibles síntomas vinculados á presenza do virus da enfermidade vesicular porcina.

No caso de porcos sacrificados de conformidade con estas disposicións tomaranse mostras de sangue estatisticamente representativo. En caso de resultados positivos que confirmen a existencia da enfermidade vesicular porcina aplicarase as medidas previstas no número 7.3.

2.º En circunstancias excepcionais, directamente a outros locais situados dentro da zona de protección sempre que: todos os porcos presentes na explotación fosen inspeccionados, os porcos que se vaian transportar fosen sometidos a un exame clínico con resultado negativo, se provea cada porco dunha marca auricular ou se identificase con calquera outro medio autorizado.

g) A carne fresca obtida de porcos considerados no parágrafo 2.f).1.º deste punto:


1.º Non se destinará ao comercio intracomunitario nin internacional, e levará a marcación sanitaria destinada á carne fresca prevista no anexo II do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

2.º Obterase, cortarase, transportarase e almacenarase separada da destinada ao comercio intracomunitario e internacional, e utilizarase de modo que se evite a súa introdución en produtos cárnicos destinados ao comercio intracomunitario ou internacional, a menos que se sometese a un tratamento segundo o establecido no anexo III do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

h) Non obstante o disposto no parágrafo 2.g), para a carne obtida de porcos citados no parágrafo 2.f).1.º, mediante acordo do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria previsto no artigo 27 de la Lei 8/2003, do 24 de abril, poderanse fixar os criterios conforme os que o órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla poderá decidir usar outra marca de identificación distinta do selo especial de identificación establecido no anexo II del Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, sempre que se distinga claramente doutras marcas de identificación aplicadas á carne de porco de conformidade co Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e co Regulamento (CE) n.º 2076/2005, da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen disposicións transitorias para a aplicación dos regulamentos (CE) n.º 853/2004, (CE) n.º 854/2004 e (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e se modifican os regulamentos (CE) n.º 853/2004 e (CE) n.º 854/2004.

Nese caso, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación notificaralle á Comisión Europea a marca alternativa de identificación que se pretenda usar, no seo do Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal.

A marca alternativa de identificación será lexible e indeleble, e os seus caracteres serán claramente visibles e poderanse ler con facilidade. A marca de identificación terá a seguinte forma e conterá as seguintes indicacións¹:



¹ XY fai referencia ao código do país pertinente previsto no número 6 da sección I do anexo II do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

1234 fai referencia ao número de identificación do establecemento previsto no número 7 da sección I do anexo II do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

3. A aplicación das medidas na zona de protección manterase, polo menos, ata que:

a) Se levasen a cabo todas as medidas previstas no artigo 16.

b) Todas as explotacións da zona fosen obxecto dun exame clínico dos porcos que permita establecer que non presentan ningún síntoma de enfermidade que suxira a presenza da enfermidade vesicular porcina e dun exame serolóxico dunha mostra estatística de porcos que non revelase a presenza de anticorpos contra o virus da enfermidade vesicular porcina. O programa de detección serolóxica terá en conta a transmisión da enfermidade vesicular porcina e o xeito en que se albergan os porcos. O programa determinará a Comisión da Comunidade Europea.

O exame e a toma de mostras non se poderán practicar antes de que transcorran vinte e oito días desde a conclusión das operacións preliminares de limpeza e desinfección da explotación infectada.

4. No momento da expiración do período considerado no parágrafo 3 deste número 5 as normas que se aplican á zona de vixilancia aplicaranse, así mesmo, á zona de protección.

5. No caso de que as prohibicións previstas no parágrafo 2.f) deste punto se manteñan durante máis de 30 días debido á aparición de novos casos da enfermidade e se creen problemas de aloxamento dos animais, a autoridade competente poderá, por petición xustificada do titular da explotación, e unha vez verificados os feitos polo veterinario oficial, autorizar a saída dos animais dunha explotación situada na zona de protección. Nese suposto, aplicaranse mutatis mutandis as previsións consideradas nos números 2.f), 2.g) e 2.h) deste punto.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.º da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2007/10/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2007, pola que se modifica o anexo II da Directiva 92/119/CEE do Consello no que atinxe ás medidas que se deben tomar nunha zona de protección cando se produce un abrocho de enfermidade vesicular porcina.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008.

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA